

TECNOLOXÍA 4º ESO

Carga horaria: 3h. Departamento: Tecnoloxía

Esta materia pretende ampliar o estudo e coñecemento de obxectos e sistemas técnicos que nos rodean, a súa utilización e manipulación, así como os procesos tecnolóxicos mediante os que ten lugar o seu deseño e construción. Traballarase mediante a resolución de problemas, simulación, actividades prácticas, e análise teórica de sistemas.

1. Elixo esta materia se queres saber como:

- Facer unha instalación eléctrica ou unha instalación de auga, por exemplo, nunha vivenda como a túa.
- Deseñar e montar circuítos electrónicos.
- Deseñar e montar circuítos automáticos, por exemplo como se logra que as luces da rúa se acendan soas cando se fai de noite e se apaguen pola mañá...
- Deseñar e montar circuítos pneumáticos
- Coñecer os sistemas de comunicación e os seus principios básicos na transmisión de son, imaxe e datos.
- Manexar o robot Ranger ou programar en Arduino

2. Bloques de contido

- Tecnoloxías da información e da comunicación
- Instalacións en vivendas
- Electrónica
- Control e robótica
- Pneumática e hidráulica
- Tecnoloxía e sociedade

Poderás acceder aos contidos na Aula Virtual do Centro (accede como convidado).

3. Que e como se avalía?

Para poder avaliar esta materia empregaremos distintos métodos: resolución de exercicios e problemas na clase, cuestionarios, simulacións, probas obxectivas por cada tema, montaxes e actividades na Aula Virtual coas que se pode mellorar a nota.

[Máis información](#)